

Mons. Asenjo propón "un sacerdote máis próximo aos homes e a Deus"

O arcebispo de Sevilla, Juan José Asenjo Peregrina, presidiu onte a XXXIII Xornada Pastoral para sacerdotes, que se celebrou no Centro de Convivencias de Olbeira, en San Miguel de Deiro, e que contou coa participación dun centenar de curas de toda Galicia.

23-11-2009

Máis dun centenar de sacerdotes de toda Galicia asistiron onte á xornada pastoral celebrada no centro de Olbeira baixo o título "Fidelidade a Cristo, fidelidade do sacerdote", e que tiña como obxectivo reflexionar acerca do labor que deben desempeñar os curas na sociedade actual.

Juan José Asenjo, arcebispo de Sevilla, clausurou o encontro cunha amena conferencia na que propuxo unha reflexión acerca da interpretación que a sociedade realiza acerca do labor do sacerdote e que nos últimos anos se afastaba dos postulados do Concilio, que demanda un cura "máis próximo aos homes e a Deus". Sobre esta cuestión afondou en que nos últimos tempos se viviron experimentos que non conducían a nada, posto que o que realmente se necesita é un sacerdote servizal e preocupado polos necesitados.

Durante o transcurso da xornada de convivencia tamén saíu a relucir a actual escaseza de curas e neste sentido, Juan José Asenjo remarcou que as vocación saen das familias cristiás e insistiu en que é preciso que dispoñan dun medio axeitado para que poidan desenvolverlas sen presións externas de ningún tipo. Ademais, resaltou que "non hai que ter medo a que saia un fillo sacerdote", nunha clara mensaxe ás familias.

Todas estas reflexións saíron a relucir durante o transcurso dunha mesa redonda sobre a formación dos seminaristas nas circunstancias actuais, así como a necesidade da axuda da familia, das parroquias e sacerdotes.

Outras das cuestións na que todos os asistentes estiveron de acordo é que "a Igrexa non ten a misión de ser unha ONG", posto que a súa

finalidade principal é a de "conducir a Cristo" e neste camiño "atendemos a todas as persoas necesitadas, porque a Igrexa está alí onde hai xente que sofre penurias económicas ou está enferma". Os asistentes destacaron o bo ambiente da xornada de convivencia onde sacerdotes de varias xeracións puideron intercambiar experiencias.

Diario de Arousa

pdf | document generated
automatically from [https://
dev.opusdei.org/gl-es/article/monsenjo-propon-un-sacerdote-mais-
proximo-aos-homes-e-a-deus/](https://dev.opusdei.org/gl-es/article/monsenjo-propon-un-sacerdote-mais-proximo-aos-homes-e-a-deus/)
(11-08-2025)